

XUNTANZA ■ O IV Encontro de debate sobre o medio rural de Nova Escola Galega abriu onte cun repaso á situación de incerteza que leva o mundo rural a esmorecer sen remedio por mor do desequilibrio territorial e polos problemas conxunturais dos prezos que afogan as granxas na ruína

"A crise das explotacións dos pais véselles ós rapaces na cara"

Unha mesa redonda afonda hoxe na necesidade de incluír as competencias destes alumnos no currículo

M.J.C. • Santiago

O salón de actos da casa da Cultura de Boimorto acolleu onte a inauguración do IV Encontro de debate sobre o medio rural que, desde hai catro anos, vén organizando o movemento de renovación pedagóxica Nova Escola Galega para afondar nas carencias e desafíos da educación no rural galego.

Desta vez, as xornadas centraranse na análise das competencias básicas e en como as propostas de situacions similares á vida real para que os alumnos as resolván cos coñecementos que posúen se deseñan maioritariamente desde unha perspectiva urbana que deixa en desvantaxe os rapaces do rural.

Pero antes de entrar nas cuestiós propiamente curriculares, os oitenta asistentes ás xornadas fixeron un repaso da situación do mundo rural, "ferido de morte por un despoboamento brutal e unha política errática que non axudou en nada nas últimas décadas e que

desembocou hoxe nunha situación extrema que se materializa no conflito do leite e da carne", critica Paco Veiga, un dos organizadores do encontro. "Os profesores vémolo nas caras dos rapaces. Nas casas transmítense unha situación de incerteza moi grande e os profesores percibímolo na aula", constata este docente do IES Terra de Melide, no que a maioria dos alumnos proveñen de familias con explotacións agrarias.

Sobre esta problemática versou a conferencia inaugural 'Situación actual no medio rural', a cargo de Antonio Oca Fernández, enxeñeiro técnico agrícola e axente de extensión agraria. Oca afondou nos problemas do mundo rural galego, más concretamente no mundo rural que ten rendas agrarias, e nos seus problemas tanto estruturais como conxunturais.

O primeiro deles é a fenda entre o eixe atlántico, que concentra nun 14% do territorio o 60% da poboación e da riqueza, fronte á Galicia interior, caracterizada polo envejecemento da poboación, o abandono das explotacións agrícolas e da superficie útil amais dun índice de ocupación da terra que acabou en monocultivo para taboleiro e pasta de papel.

Ante estes problemas estruturais Oca avoga por un modelo de política

Unha mayoría minorizada

"Desde a póntica cultural os valores do rural, que son moitísimos, xenuinos e ricos, a escola rara vez os tivo en conta. A consecuencia é que os nenos do medio rural tñen máis difícil cós nenos do medio vilego ou urbano prar tirar para adiante no sistema educativo", en palabras de Paco Veiga. O antropólogo Santiago Prado, comprobouno nun estudio durante catro anos sobre o alumnado do IES Terra de Melide para a Universidade Autónoma de Barcelona, que o levou a denunciar a minorización que sofren estes rapaces ó non veren reflectidos no currículo escolar o seu mundo nin as súas competencias e que os aboca ó abandono escolar. Este experto, xunto con Xosé Ramos e Carmen Barreiro Nouche, desenvolverán hoxe ás 18.00 horas a mesa redonda 'A importancia dos proxectos na procura de competencias. Que competencias no rural?'

agraria centrado na especificidade galega primando a calidad sobre a cantidade e dimensionando a base territorial.

Sobre os problemas conxunturais, Oca fixo súas as palabras do presidente francés, Nicolas Sarkozy, "unha lección sobre o regulamento da política agraria común". O traxixente galo apelaba ó reto alimentario, o reto medioambiental e o reto enerxético como os tres grandes desafíos que debe superar o planeta durante este século, e puxo a agricultura na cerna.

Pero ademais puxo o dedo na chaga ó defender un medio rural que poida vivir do seu traballo da terra –e non necesariamente do turismo rural– e uns agricultores que poidan vivir dos prezos dos seus produtos e non dos subsidios que se lles outorgan, xa que "un agricultor é un produtor que quere cobrar unha xusta remuneración polo seu traballo".

Amais destes relatorios, as xornadas congregan a numerosos asistentes "militantes do mundo rural", di Paco Veiga, que poñen en común as experiencias realizadas nos seus centros de ensino e convivirán nos tempos de lecer. Onte houbo unha cea colectiva; hoxe taca un xantar no panadeiro e unha cata de queixos na casa do queixo de Sobrado. ●